

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32003001	IES Nº 1	O Carballiño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	2º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	25
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	28
6. Medidas de atención á diversidade	29
7.1. Concreción dos elementos transversais	32
7.2. Actividades complementarias	33
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	33
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	35
9. Outros apartados	36

1. Introducción

A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. A súa repercusión supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemento, pois xa desde a antigüidade se establecen vínculos con outras manifestacións escénicas, como a danza ou o teatro. Na actualidade, estamos en contacto permanente con ela. Ademais, favorece o desenvolvemento integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

O desenvolvemento tecnolóxico e a globalización permiten a escoita simultánea de toda a produción musical mundial e abriu novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais como de calquera persoa interesada en facer música.

Ademais, a música contribúe activamente no desenvolvemento cognitivo, emocional e psicomotor do alumnado, así como no fomento de valores como o esforzo, a constancia, perseveranza, disciplina, toma de decisións, autonomía, compromiso e espírito emprendedor entre outros; valores que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa, ademais de mellorar a atención, a xestión das emocións e a autoestima, así como a capacidade de comunicación e traballo en grupo adoitando diferentes roles dentro deste.

A materia de Música na educación secundaria obrigatoria fundaméntase e constrúese desde a área de Música e Danza na educación primaria. Agora desenvolveranse as capacidades e as competencias adquiridas nos cursos anteriores e afianzanse os contidos aprendidos previamente polo alumnado.

Nesta programación para 2º curso de ESO concrépanse uns obxectivos, contidos e criterios de avaliación articulados en tres bloques que integran os coñecementos, destrezas e actitudes que se pretenden alcanzar sempre desde a súa interiorización a través da práctica, para pasar despois a teorización.

Os obxectivos propostos para toda a ESO pretenden desenvolver a identidade e a recepción cultural, contribuír a autoexpresión a través da creación e da interpretación, centrarse na produción artística e estudar, entender e coñecer o patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre traballados desde unha aprendizaxe baseada na práctica que lle permita ao alumnado experimentar a música e máis a danza.

Os criterios de avaliación son ferramentas para medir o nivel de adquisición das competencias segundo os seus compoñentes cognitivos, procedimentais e actitudinais.

Os contidos articúlanse en tres bloques:

- "Escoita e percepción", contidos indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural, a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

- «Interpretación, improvisación e creación escénica», co que se pretende a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico no que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais, como do uso libre de distintas linguaxes. Aprender a música a través da experiencia de ser músico, baseándonos no traballo por proxectos grupais.

- «Contextos e culturas», aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con isto propónse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres como por homes, e que ofrezca unha visión da importancia da arte como medio de expresión.

Neste 2º curso de ESO, a materia centrarase no traballo, coñecemento e dominio dos principais elementos da linguaxe musical que permitan entender e executar partituras básicas; na escoita, recoñecemento e creación de formas musicais, dancísticas e texturas básicas; asentar os principios técnicos da interpretación instrumental e vocal; comprender e respectar as normas básicas da actuación en público e asistencia a espectáculos musicais e dancísticos; e no coñecemento das tradicións musicais e dancísticas da nosa comunidade así como doutras partes do mundo.

Esta proposta didáctica está pensada para seguir traballando moitos dos contidos non só na unidade na que se presentan por primeira vez, senón para que estes contidos sigan aparecendo nas seguintes unidades e sexan manexados, afianzados e ampliados de forma continua ao longo de todo o curso, xa que a música ao igual que o resto das linguaxes, é unha materia onde os contidos son acumulativos, e imos construindo a sintaxe musical manexando os conceptos previos dos que partimos e construindo sobre estes novas estruturas máis complexas a través do aprendizaxe en espiral.

Queremos recalcar como principal obxectivo desta programación e unidades didácticas, a creación dun público crítico que saiba valorar a calidade das músicas que escoita e os medios de comunicación que escolle para a súa reprodución, e isto articulado a través da experiencia de ser músico ou bailarín, de comprender o oficio, e de saber

poñerse no lugar de traballo dos artistas. Soamente a través de experiencia podemos comprender o mundo en sí da música, os contidos, o traballo en equipo, de perseveranza, de autonomía e de compromiso cos demais, que supón subirse a un escenario a estrenar un proxecto, e a esa experiencia é a que pretendemos chegar co traballo realizado ao longo do curso.

No presente curso 2023-2024 contamos con tres grupos de 2º eso (A-B-C) cun total de 87 alumnos. Imparten a materia dúas docentes: Dña Ana Mª Rivera Corral no grupo de 2º eso A e Dña Almudena Mosquera Fernández nos grupos de 2º eso B - C.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Un Mundo de Sons.	Unidade sobre os elementos que conforman a música (duración, altura, intensidade e timbre). Tamén traballaremos nesta unidade a importancia da escoita activa, e o concepto de contaminación acústica e as súas consecuencias.	10	8	X		
2	As Cores da Música.	A voz humana, e polo tanto o canto, é a forma máis natural e completa de expresión musical e un dos mellores instrumentos para profundizar no concepto do timbre. Nesta unidade aprenderemos como funciona o noso corpo para producir a voz e o canto, así como a clasificación das distintas voces e instrumentos e as principais agrupacións vocais e instrumentais para as que ao longo da historia, as compositoras e compositores, teñen escrito música. Tamén diferenciaremos técnicas e formas de cantar ao longo da historia da música, desde a voz impostada da ópera ata outras técnicas utilizadas nas músicas populares, no jazz e nas músicas urbanas, sempre a través dun enfoque práctico, co que coñeceremos o noso corpo e as posibilidades da nosa propia voz. Taller de escoita e de interpretación.	10	8	X		
3	Pulso a Pulso	Nesta unidade traballaremos os principais elementos rítmicos que conforman a música (compases básicos de subdivisión binaria e ternaria, figuras musicais e signos que alongan ditas figuras, concepto de compás, compases binarios e ternarios...), sempre desde un punto de vista práctico, sentindo o ritmo a través do corpo, do movemento e da percusión corporal, e analizando as diferentes partituras a través da escoita activa. Partimos de coñecer os sons e as melodías a nivel auditivo. Partimos da práctica para despois comprender os conceptos desde unha perspectiva teórica. Taller de escoita e de interpretación.	10	9	X		
4	Melodía de Palabras	Así como o ritmo se asocia á parte física e corporal máis elemental do ser humano, a melodía asóciase coa parte máis emocional. . A altura do son é sinónimo de melodía, por iso nesta unidade centrarémonos no seu estudo a través de conceptos como motivo,	20	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Melodía de Palabras	frase ou semifrase musical. Falaremos de sintaxe, forma musical, e texturas. Nesta unidade traballaremos de xeito xeral os 4 tipos de textura: monodia, polifonía, contrapunto e melodía acompañada e a súa aparición ao longo da historia da música. De novo traller de interpretación e de escoita activa.	20	10		X	
5	A orde desordenada.	Tanto a forma como a textura son dous dos elementos musicais que axudan a poñer orde na música, facilitando así a súa comprensión. A textura é o modo en que combinamos os elementos rítmicos, melódicos e harmónicos nunha composición ou fragmento musical. A forma musical é a estrutura utilizada polos compositores no momento de crear unha obra, coa fin de ordenar os distintos elementos que conforman a música e facer que sexa así comprensible. O concepto de forma comeza coa comprensión dos motivos, frases e semifrases, para diferenciar despois seccións máis longas e procedementos de creación como a repetición e a variación. Clasificamos as principais formas en vocais e instrumentais. Neste curso introduciremos algunhas delas como a forma binaria e ternaria, a forma rondó e algunhas formas da música popular e urbana.	20	10		X	
6	Intensidad Colosal.	Nesta unidade centrarémonos principais recursos expresivos cos que traballamos na música. Destacar os conceptos de intensidade, matices, reguladores xunto con outras indicacións expresivas que fan posible que a música sexa capaz de crear en nós estados emocionais sen necesidade de palabras. Completaremos a unidade coa explicación dos diferentes indicadores na partitura. De novo, taller de escoita e de interpretación activa.	10	8			X
7	Música en equilibrio	Esta unidade está adicada aos elementos da linguaxe musical relacionados coa contrucción e escritura da melodía. Así explicaremos os conceptos de escala musical, tono, semitono, alteracións..... aprenderemos a diferenciar as escalas diatónicas e de xeito progresivo iremos introducindo o concepto de tonalidade. Taller de escoita e interpretación.	10	9			X
8	Notas con Notas	Esta unidade complementa á anterior, ó introducirmos nos conceptos de intervalo e	10	8			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Notas con Notas	acorde. Estudaremos os intervalos e os seus principais tipos (melódicos e armónicos) así como as súas funcións. En canto aos acordes , centrarémonos nos acordes básicos (tríada) e o seu cifrado (europeo e americano). taller de escoita e de interpretación.	10	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Un Mundo de Sons.	8

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñece na partitura os elementos que representan os parámetros do son: figuras musicais, clave, notas musicais, matices e instrumentos para os que está escrita....	PE	60
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Lé as partituras propostas con corrección e recoñece os elementos básicos que conforman os parámetros do son (altura, intensidade, duración e timbre) así como a súa representación gráfica.		
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Analiza e identifica a través das partituras propostas polos docentes os elementos da linguaxe musical propios da nosa cultura (temática dos textos, ritmos utilizados, instrumentación, funcións das pezas....)		
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Mantén silencio na escoita para apreciar as características estudadas na música. Respecta as preguntas dos demais e fala únicamente nas quedas indicadas.	TI	40
CA2.7 - Interpretar e crear a través da voz, do corpo ou dos instrumentos, de maneira individual ou en grupo, diferentes pezas musicais, escénicas e dancísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpreta co instrumento escolar (fruta) ou ben en pequenos conxuntos vocais pezas sinxelas do noso patrimonio cultural. Isto posibilita dar a coñecer o noso patrimonio e aos nosos artistas dentro do mundo global, así como o fomento do respecto polo propio.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubrindo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Elabora de xeito individual ou en pequenos grupos, propostas artístico-musicais: danzas, interpretacións vocais, interpretacións instrumentais..... A interpretación de obras musicais e dancísticas favorece a comprensión destas propostas e o seu recoñecemento como parte do patrimonio cultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilidade ante a polución sonora e a creación de ambientes saudables de escoita. - Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos. - A voz e os instrumentos: clasificación xeral por familias e características. Principais agrupacións musicais. - A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical. - Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración. - Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos. - Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: características e funcións. Instrumentos, cancións, danzas e bailes en África, Asia, América, Europa e Oceanía. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.

UD	Título da UD	Duración
2	As Cores da Música.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identifica os timbres de diferentes instrumentos e voces así como as súas agrupacións máis importantes. É capaz de clasificar os instrumentos e voces na súa familia e rexistro correspondente. Explica a función do canto e as formas de colocar a voz segundo o seu contexto histórico e época.	PE	60
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñece os principais elementos rítmicos nas partituras traballadas: compás, tempo, sínkopas e contratempos		
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identifica as diferenzas entre as obras vocais propias da música clásica ou culta (ópera) e as formas vocais da música popular e urbana (cancións) traballadas nesta unidade. Identifica os distintos tipos de voz e as distintas agrupacións vocais estudadas.		
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Respecta as producións dos compañeiros e garda silencio nos momentos nos que os demais están formulando dúbidas ou executando o seu papel no conxunto, intervindo cando o profesorado o indique.	TI	40
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Lé e executa coa destreza esixida neste curso os exercicios e partituras de percusión corporal, movemento, pequena percusión ou lectura traballados durante as sesións desta unidade. Lé partituras sinxelas a unha ou dúas voces, para poder interpretalas mediante o canto.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Canta de forma individual e grupal seguindo as indicacións técnicas e musicais do profesorado.		
CA2.7 - Interpretar e crear a través da voz, do corpo ou dos instrumentos, de maneira individual ou en grupo, diferentes pezas musicais, escénicas e dancísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpreta con corrección pezas musicais e dancísticas cos elementos estudados nesta unidade, seguindo as pautas dadas polo profesorado.		
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Elabora de xeito individual ou en pequenos grupos, propostas artístico-musicais: danzas, interpretacións vocais, interpretacións instrumentais..... A interpretación de obras musicais e dancísticas favorece a comprensión destas propostas e o seu recoñecemento como parte do patrimonio cultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A voz e os instrumentos: clasificación xeral por familias e características. Principais agrupacións musicais. - A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos. - Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración. - A música en Galicia: instrumentos, formas tradicionais, danzas e xéneros tradicionais, populares e urbanos. Análise, interpretación e creación. - As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural: instrumentos, cancións, danzas e bailes. Estudo das súas características e interpretación. - Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.

UD	Título da UD	Duración
3	Pulso a Pulso	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Explica cun vocabulario axeitado as ideas, sentimentos e emocións suxeridos polas obras e exercicios traballados nesta unidade segundo a sucesión e tipos de acordes escoitados.	PE	60
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñece e explica nas partituras e obras propostas na unidade, os principais elementos que conforman o ritmo musica (acentos, pulsos, compases...) e a súa representación gráfica.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Lé e recoñece nas partituras traballadas os tipos diferentes tipos de ritmos e compases.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Mantén silencio na escoita para apreciar as características estudadas na música. Respectar as preguntas dos demais e falar nas quendas indicadas.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Executa instrumentalmente con corrección, segundo o método Orff as pezas propostas nesta unidade.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	É capaz de deseñar e desenvolver propostas musicais de carácter rítmico (danzas, percusións) tanto individuais coma colaborativas, con ferramentas tanto dixitais como analóxicas dispoñibles na aula e no centro.		
CA2.7 - Interpretar e crear a través da voz, do corpo ou dos instrumentos, de maneira individual ou en grupo, diferentes pezas musicais, escénicas e dancísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpreta diferentes patróns rítmicos (individual e colectivamente) co seu corpo ou cos instrumentos Orff da aula de música.	TI	40
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identifica as diferenzas ritmicas, entre as obras propias da música clásica ou culta (ballet) e os bailes e ritmos da música popular e urbana (rap, reggeton.....) traballadas nesta unidade.		
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Elabora de xeito individual ou en pequenos grupos, propostas artístico-musicais: danzas, interpretacións vocais, interpretacións instrumentais..... A interpretación de obras musicais e dancísticas favorece a comprensión destas propostas e o seu recoñecemento como parte do patrimonio cultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos. - Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical. - Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación. - As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural: instrumentos, cancións, danzas e bailes. Estudo das súas características e interpretación. - Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados.

UD	Título da UD	Duración
4	Melodía de Palabras	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identifica as diferentes texturas e elementos formais dunha melodía (frase, semifrases, motivos....) e é capaz de encadralas na época histórica axeitada.	PE	60
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Explica cun vocabulario axeitado as ideas, sentimentos e emocións suxeridos polas obras e exercicios traballados nesta unidade.		
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñece na análise das partituras traballadas, os tipos de textura e elementos formais(melodía, frases, semifrases, motivos....) estudados nesta unidade.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Identifica nas partituras traballadas os principais elementos estruturais que conforman a súa sintaxe (frases, motivos, semifrases, estruturas binarias e ternarias.....)		
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identifica as diferenzas e semellanzas entre as formas musicais da nosa música tradicional e as formas propias da música culta ou da música urbana.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Mantén silencio na escoita para apreciar as características estudadas na música. Respecta as preguntas dos demais e fala únicamente nas quendas indicadas.	TI	40
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Executa con corrección tanto vocal coma instrumental partituras onde os signos e elementos de prolongación (puntillos, ligaduras...) son predominantes.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	É capaz de deseñar e desenvolver propostas musicais de carácter melódico (cancións, pezas instrumentais....) tomando como referencia pezas do noso patrimonio cultural e da nosa música tradicional (cantigas).		
CA2.7 - Interpretar e crear a través da voz, do corpo ou dos instrumentos, de maneira individual ou en grupo, diferentes pezas musicais, escénicas e dancísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpreta con corrección pezas do patrimonio musical galego, especialmente do repertorio vocal. É quen de acompañar a interpretación con pequenas percusións.		
CA3.1 - Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	Valora e respecta as músicas e danzas do noso patrimonio traballadas e estudadas nesta unidade.		
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Elabora de xeito individual ou en pequenos grupos, propostas artístico-musicais: danzas, interpretacións vocais, interpretacións instrumentais..... A interpretación de obras musicais e dancísticas favorece a comprensión destas propostas e o seu recoñecemento como parte do patrimonio cultural		
CA3.5 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Identifica as principais características das obras musicais que constitúen o patrimonio musical galego e valora a súa importancia como símbolo da nosa identidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Texturas monofónicas e polifónicas, melodía acompañada. Formas musicais: motivo, frase, formas binarias, ternarias, forma rondó, formas musicais da canción popular urbana. - Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos. - Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical. - Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación. - As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural: instrumentos, cancións, danzas e bailes. Estudo das súas características e interpretación. - A música en Galicia: instrumentos, formas tradicionais, danzas e xéneros tradicionais, populares e urbanos. Análise, interpretación e creación. - Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados.

UD	Título da UD	Duración
5	A orde desordenada.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identifica as principais formas e estruturas (vocais e instrumentais) que ao longo da historia da música puxeron orde na composición. Diferencia as formas principais de cada época.	PE	60
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Expresa cun vocabulario axeitado ideas, emocións e opinións sobre as diferentes estruturas tanto vocais como instrumentais traballadas nesta unidade.		
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñece na análise das partituras traballadas, os tipos de formas e os seus elementos formais (melodía, frases, semifrases, motivos....)		
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identifica as características formais específicas dos diferentes tipos de composicións, tendo en conta o xénero ao que pertencen (música culta ou popular)		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Mantén silencio na escoita para apreciar as características estudadas na música. Respecta as preguntas dos demais e fala nas quendas indicadas.	TI	40
Para dita avaliación inicial utilizaremos a primeira unidade onde faremos un repaso dos parámetros do son e como se representan estes na partitura. Moitas destas cuestións de escritura e linguaxe musical son as que se traballan na educación primaria. Unha vez desenvolto este tema, realizaranse unha serie de tarefas curtas de carácter teórico, preferiblemente tipo test, sobre os diferentes elementos e cualidades que definen o son así como os principais símbolos cos que se representan nas partituras, e que constituen a base da linguaxe musical. Tamén poderase realizar unha pequena proba práctica de lectura e interpretación musical, ben coa frauta ou ben con algún instrumento de praca.

O profesorado disporá dunha táboa para tomar notas de cada alumna e alumno interpretando a parte instrumental, onde se recollerán items como: a continuidade no pulso, calidade do son, interpretación das figuras musicais, interpretación das notas musicais, interpretación dos matices.

Para comprobar o coñecemento dos signos musicais, na propia partitura que se lles entrega terán que sinalar e nomear os elementos indicados e entregala.

Outras cuestións como as destrezas no movemento e danza, o manexo da tecnoloxía, o coñecemento dos instrumentos ou a voz teranse que ir comprobando ao inicio das sucesivas unidades didácticas ao longo do curso, por iso cada unidade sempre comeza cunha actividade introductoria de coñecementos previos sobre os contidos a tratar.

A avaliación inicial indicará o punto de partida do alumnado para saber se podemos aplicar a programación tal cual, ou facer nas unidades correspondentes as adaptacións adecuadas, e levarase a cabo na primeira ou dúas primeiras sesións do curso dependendo do número de alumnado por aula.

Observacións: As probas aquí descritas en ningún caso terán carácter avaliador, nin se porá ningún tipo de cualificación numérica as mesmas. O seu carácter será meramente informativo para o profesor que iniciará o curso e a consecución dos obxectivos previstos na programación partindo da información suministrada polas mesmas sobre o nivel de coñecementos do grupo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	20	20	10	10	10	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

Nos tres trimestres valoraranse tanto os contidos teóricos como os contidos procedimentais ou prácticos, cos procedementos de avaliación máis axeitados para cada un dos tipos de contidos. Así mesmo, a observación do alumno na clase será tamén fundamental á hora de determinar a súa cualificación parcial en cada trimestre, así como a final.

Como baremo, empregarase o modelo tradicional de 1 a 10 coa seguinte escala: 0/1-4 (Insuficiente); 5 (Aprobado); 6 (Ben); 7-8 (Notable); 9-10 (Sobresáinte). As correccións que realice o profesor sobre as tarefas, exercicios e traballos do alumnado serán coñecidas por estes sempre que sexa posible. Para isto o profesor mostrará os exercicios unha vez corrixidos.

Debidoa que a materia é altamente procedimental os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. Os contidos teóricos: consistirán en probas escritas dos contidos das diferentes unidades:

exames. O exame escrito contará con algunhas preguntas tipo test e outras de redacción, explicación de contidos e de análise de audicións ou partituras. Faranse dous exames trimestrais. A nota media destas probas suporá o 60% da nota final da avaliación.

O exame teórico poderá ser adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co departamento de orientación e os informes pertinentes presentados polas familias.

2. Os contidos prácticos, consistirán en :

- Lectura e interpretación melódico-rítmica dun mínimo de partituras desenvoltas e estudiadas na clase. A proba será presencial na aulal e poderá ser gravada polo profesor para valorar máis detalladamente a realización da mesma ou ben gravada polo alumno e entregada ao profesor en formato dixital, nos prazos establecidos para tal fin. A nota media destas probas suporá un 20% da nota final da avaliación

- Tarefas de linguaxe musical e tarefas da aula virtual. A nota media de todas as tarefas desenvoltas no trimestre suporá un 20% da nota final da avaliación.

A parte práctica avaliarase mediante a observación sistemática con táboa de indicadores ou rúbrica.

Importante: A detección de medios fraudulentos (chuletas, gravacións, auriculares.....) no alumnado durante a realización de calquera das probas de avaliación-recuperación, tanto teóricas como prácticas, suporá a anulación inmediata do exame e a cualificación negativa (0) do mesmo.

3- O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5.

4- A nota ordinaria final do curso. Obterase realizando a media aritmética das tres notas da avaliación, polo tanto, poderá ser inferior, igual ou superior á nota da terceira avaliación. Esta deberá ser igual ou maior a 5 para aprobar o curso.

5- Subir nota. Aqueles alumnos que unha vez superada a avaliación, desexen subir nota, poderán facelo, mediante a realización dunha tarefa (actuación) musical de carácter voluntario. A ponderación destas tarefas, suplementaría ata un 10% (1 punto) como máximo, a nota obtida con anterioridade.

Os criterios de avaliación e cualificación serán públicos e estarán a disposición dos alumnos e pais que o desexen, tanto na Aula de Música como na páxina web do centro. Así mesmo, o profesor informará os seus alumnos o comenzo do curso ou en calquera momento que considere oportuno de todas as cuestións relativas a materia.

Criterios de recuperación:

A superación da materia implica aprobar todas as avaliacións. En caso contrario, será preciso realizar alomenos un examen de recuperación por avaliación.

- Se o alumno/a non supera a materia, despois de cada avaliación deberá realizar un examen tanto teórico como práctico de recuperación destes contidos.

- No caso en que unha das dúas partes (teórica ou práctica) supere o 5 nas probas de avaliación, respetarase dita nota na recuperación e o alumno únicamente deberá recuperar a parte suspensa

.Recuperación Final Xuño

Aqueles alumnos que non recuperen unha ou varias avaliacións, e a media das tres avaliacións non supere o 5, deberán facer unha serie de probas de recuperación final no mes de Xuño. Estas probas serán teóricas e prácticas, e contemplarán cuestións de cada unha das avaliacións, debendo realizar o alumno/a aquelas referidas a/as avaliacións suspensas. Así mesmo, deberán realizar unha serie de tarefas de reforzo e recuperación, dos contidos desenvoltos ao longo do curso. As notas obtidas en cada apartado, farán media coas notas das avaliacións superadas, para obter unha nota final en cada un dos apartados a ponderar. A cualificación virá determinada pola suma das diferentes porcentaxes que serán as seguintes:

- Tarefas de reforzo e recuperación: 20% da nota final.
- Probas de carácter práctico: 20% da nota final.
- Probas de carácter teórico: 60% da nota final

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Se se pasa a 3º curso coa materia de 2º pendente seguirase o procedemento de recuperación trimestral ou anual a acordar co alumnado. Dita recuperación constará dun exame trimestral ou anual con parte teórica e práctica, tal como ven descrito no apartado "criterios de cualificación", onde a teoría será o 60% da nota e práctica o 40% da nota. Será necesario acadar unha nota media de 5 para recuperar a materia pendente.

Os procedementos e instrumentos de avaliación do alumnado pendente serán os

seguintes:

a) Fichas de recuperación: inclúe a realización de tarefas específicas caderno de tarefas) que axudan a lembrar aspectos fundamentais da materia que se ten que recuperar.

b) Probas específicas de recuperación: o alumno poderá optar a dous modelos de exames que terán unha temporalización diferente para cada caso concreto, sempre seguindo a temporalización marcada pola xefatura de estudos. Ditas opcións son as seguintes:

- División da materia a recuperar por trimestres. Unha proba por avaliación, tanto teórica como práctica.

- Realización dunha única proba que permita recuperar a materia dun modo definitivo. A data escollida sitúase aproximadamente no mes de Maio.

Os criterios de cualificación destas probas tal como se indicou anteriormente, será o mesmo que o establecido para a convocatoria extraordinaria do mes de Xuño na programación de 2º e.s.o. A superación destas probas levará consigo o aprobado da materia. O alumnos deberá acadar unha cualificación igual ou superior a 5.

Naqueles casos que se necesite, establecerase d'acordo co departamento de orientación, un plan de reforzo e adaptación aos casos de necesidades específicas de apoio educativo e atención á diversidade, adaptando os contidos, os exames e incluso o tempo dado para resolver ditas probas segundo cada caso concreto, e establecendo un recreo cada semana para solventar dúbidas e axudar a preparar a parte práctica instrumental e vocal.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

Grupos de actuación

1- Alumnado con trastorno por déficit de atención con hiperactividade (TDAH)

Nos últimos anos vimos observando un aumento cada vez máis frecuente nas aulas de rapaces diagnosticados con Déficit de Atención ou Déficit de atención con Hiperactividade, máis coñecido como TDAH. Trátase dun transtorno neurolóxico do comportamento caracterizado pola distracción moderada ou severa, períodos de atención breve, inquietude motora inestabilidade emocional e conductas impulsivas. Estes síntomas adoitan empeorar en situacións que requiren atención e esforzo mental sostidos ou que carecen de atractivo ou novidade, por exemplo escoitar o profesor na clase, facer os deberes, escoitar ou ler libros longos ou traballar en tarefas monótonas. En resumo, o principal problema reside nas dificultades de autocontrol e falta de concentración, cualidades que no caso da música son especialmente necesarias para un bo rendemento escolar. Para atender a este tipo de alumnos utilizaremos as seguintes pautas de carácter xeral, tendo en conta que o TDAH no adolescente da lugar a comportamentos que o rapaz non é quen de controlar

- Situaremos a estes alumnos o máis cerca posible do profesor e lonxe das ventás e portas, procurando sentalo próximo a alumnos ordenados e atentos.
- Controlarase o seu material de traballo, procurando que na súa mesa só esté o necesario para traballar. Según o caso, libreta, libro ou frauta e partitura.
- Seremos flexibles coa súa hiperactividade dentro dunhas pautas razoables, e mentras esta conducta non afecte demasiado o resto de alumnos.
- Procuraremos sorprendelo con novas propostas de actividades como xogos musicais, rítmicos, audicións, etc....
- Seremos flexibles nos prazos de entrega dos traballos individuais, procurando que estes non sexan demasiado longos no seu desenvolvemento.
- Fomentaremos no alumno o uso da axenda a fin de que organicen mellor as tarefas.
- Valoraremos o seu traballo diario, e o esforzo que lle supuxo realizalo, especialmente as prácticas instrumentais.
- Eliminaremos o límite de tempo nas probas de avaliación destes alumnos, e incluso permitiremos a realización de exames orais se o alumno o prefire.
- Na avaliación destes alumnos valoraranse especialmente aspectos como a asistencia a clase, o esforzo, a entrega dos traballos, a práctica instrumental, o interese, etc...

2-Alumnado que se integra tardiamente o sistema educativo.

Facilitaremos a integración daqueles alumnos que se incorporan tardiamente o sistema educativo, así coma do alumnado con dificultade no idioma, mediante a súa ubicación estratéxica na aula a carón de compañeiros que lles poidan axudar. Ademais faremos un seguimento especial do material específico que lles prepararemos en colaboración co departamento de orientación.

Para atender adecuadamente os alumnos extranxeiros, propoñemos as seguintes actuacións:

- Tradución de textos e exames ó idioma do alumno durante o primeiro ou segundo trimestre, dependendo da data de incorporación o grupo.
- Utilización de recursos gráficos e visuais que lle axuden a comprender as explicacións da clase.
- Redución de contidos de difícil comprensión sen un coñecemento suficiente do idioma.
- Priorización dos contidos procedimentais sobre os conceptuais, xa que os primeiros permiten integrar con máis facilidade o alumno no grupo. O uso de instrumentos por parellas funciona moi ben.
- Eliminación de contidos secundarios ou unha excesiva profundización.
- Coordinación co profesor de apoio do idioma para avanzar no coñecemento de vocabulario musical básico, que lle permita seguir con normalidade as clases.
- Utilización da agrupamentos por parellas ou pequenos grupos.
- Fomento da súa participación no maior número posible de actividades realizadas cos seus compañeiros. Hai que evitar o seu aillamento na aula.
- Modificación e adaptación das técnicas e instrumentos de avaliación.

3-Alumnado con NEE

Para aqueles alumnos con dificultades para acadar os mínimos exixibles, prepararanse adaptacións curriculares significativas en colaboración co departamento de orientación, proporcionándolles uns materiais de traballo específicos para a clase, adaptados o seu nivel. A avaliación realizarase en función do traballado realizado por eles. En todo caso, moitas das actividades propostas con carácter xeral en cada unidade didáctica son perfectamente asumibles por estes alumnos, e sempre que sexa posible traballarán o mesmo que os seus compañeiros.

Entre as posibles medidas a adoptar debemos considerar as seguintes:

- Priorización dos contidos procedimentais sobre os conceptuais xa que na maioría dos casos, estes alumnos presentan unha deficiencia a nivel cognitivo.
- Organización de actividades cunha menor complexidade ou adaptación o seu nivel das actividades propostas o resto dos alumnos.
- Fomento da súa participación nas actividades en parellas ou grupais.
- Fomento da súa participación no maior número posible de actividades propostas para o resto do grupo, adaptándoas o seu nivel competencial.

- Coordinación co responsable da pedagogía terapéutica para afianzar algúns contidos.
- Adaptación dos criterios e instrumentos de avaliación a nivel do alumno, por exemplo realizando exames mais prácticos que teóricos, con menos contidos, priorizando probas orais sobre as escritas, valorando mais o seu esforzo diario sobre as probas obxetivas. etc...

Entre os posibles casos cos que nos podemos atopar na aula de música, están as deficiencias na lateralidade, en psicomotricidade, na correcta respiración, defectos de fonación como as disartrías (problemas de pronunciación das consoantes) e as disfonías (tartamudez) entre outras. Tamén son casos especialmente problemáticos os de aqueles alumnos con deficiencias auditivas, pero non hai que esquecer que os alumnos hipoacústicos posúen un oído interior, e son capaces de percibir as vibracións (as dos instrumentos ou as das súas cordas vocais). Así mesmo poden traballar diversos aspectos relacionados co ritmo, a través das súas implicacións corporais, ou do traballo con instrumentos de membrana, para percibir a vibración nas mans, ata xogar cos códigos sígnicos, os musicogramas algúns alumnos con NEE destacando os seguintes: un alumno con diagnóstico de dislexia e unha alumna con probabilidade de tela pero se diagnóse, varios alumnos con problemas de ansiedade e problemas puntuais de visión.

4-Alumnado con altas capacidades intelectuais ou con un maior coñecemento musical.

Estes alumnos asumirán papeis importantes nos grupos dentro das actividades grupais, contribuíndo o mellor funcionamento da dinámica da clase. Intentaremos que a súa ubicación tamén contribua a mellorar o rendemento da clase como grupo, podendo servir de axuda os alumnos con dificultades. En todas as unidades realizarán actividades de ampliación e de profundización, para que lles sirvan de estímulo e superación. Son alumnos que polo xeral abúrrense na clase, non atopan sentido as actividades e como resultado non é raro que fracasen nos estudos, dada a súa inadaptación. De ter algún destes alumnos, o mellor é ofrecerlles contidos e actividades propias dun nivel superior e ampliar a súa aprendizaxe con obras e autores complementarios e traballos específicos sobre eles.

Por outra banda en ocasións atopámonos con alumnos que están a realizar estudos musicais fora do ensino obrigatorio, en conservatorios ou escolas de música. A maior parte destes alumnos convalidan a asignatura aínda que outros, os menos, seguen no seu grupo. Entre as medidas a aplicar en ambos casos poderíamos destacar:

- Exixencia dun maior rendemento nos contidos procedimentais, por exemplo na expresión instrumental, ou na auditiva.

- Realización de actividades de reforzo nos contidos da linguaxe musical.

- Introdución de actividades alternativas, cunha maior complexidade que para o resto dos alumnos.

5- Grupo de alumnos con Diversificación Curricular.

No presente curso contamos cun programa de PDC a desenvolver en 3º da eso. Os alumnos e as alumnas que siguen este programa teñen un grupo ordinario de referencia (3º eso C) co que cursarán as materias non pertencentes aos ámbitos, no que se atopa a materia de Música. O programas de Diversificación Curricular forman parte das medidas extraordinarias de atención á diversidade e teñen por finalidade facilitar que os alumnos e as alumnas, mediante unha metodoloxía específica e unha organización de contidos e materias do currículo diferente á establecida con carácter xeral, alcancen as competencias do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria, poidan cursar o cuarto curso e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Teremos en conta, que normalmente estes alumnos asisten a clase co seu grupo de referencia, e no agrupamento atopamos alumnos con moi diferentes ritmos de aprendizaxe. Polo tanto, profundizaremos máis nos seguintes criterios metodolóxicos:

- a) Partirase do nivel de desenvolvemento do alumno/a, para construír a partir de aquí, outros aprendizaxes que favorezan e melloren o seu rendemento.
- b) A metodoloxía adaptase as características da cada alumno e alumna, atendendo a súa diversidade, favorecerá a capacidade dos alumnos para aprender por si mesmos e para traballar en equipo, e atenderá os diferentes ritmos de aprendizaxe.
- c) A organización docente deberá atender as necesidades, aptitudes e intereses dos alumnos según se detecten no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- d) O agrupamento dos alumnos na aula poderá ser variable e flexible, en función das actividades a realizar, sen desprezar o traballo persoal e individualizado. Procuraremos que traballen con outros alumnos, diferentes os do seu grupo habitual.
- e) Propiciaranse as oportunidades para que os alumnos poidan poñer en práctica os novos coñecementos, de xeito que comprobén a utilidade do que aprenderon, e saiban aplicalo noutros contextos da súa vida cotiá.
- f) A actividade docente procurará dar unha formación persoalizada, fomentará a participación dos alumnos, asegurará unha efectiva igualdade entre o alumnado e promoverá a relación co entorno.
- g) Fomentarase, a reflexión persoal sobre o xa feito e a elaboración de conclusións sobre o aprendido. Deste xeito, os alumnos analizarán o seu progreso respecto dos seus coñecementos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X			X	X	X		
ET.2 - Creatividade		X				X		
ET.3 - Autonomía		X	X			X		
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial		X				X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos		X		X		X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico		X			X	X	X	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores		X	X			X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X			X				
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual							X	X

Observacións:

- Comprensión lectora: Traballárase principalmente nas unidades 1, 4, 5 e 6 a través dos textos para aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: traballárase nas unidades 2 e 6 especialmente, a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación... aínda que no resto dos temas estes elementos están implícitos a través das tarefas de ampliación da aula virtual.
- Autonomía: traballárase nas unidades 2,3 e 6 especialmente, a través de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal,
- Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial: unidades 2, 6, 7, 8, Actividades que implican creación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos: unidades 2, 4, 6, 7, 8. Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. Unidades 2, 5, 6, 7, 8. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable .
- Respeto mutuo: educación emocional e en valores. Unidades 2, 3, 6, 7, 8. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: unidades 1 e 4. A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nosas vidas, etc.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: unidades 7 e 8 a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á Exposición de Aparellos e Sistemas de reprodución do Son	Exposición no Novocine de Leiro, de Sistemas antigos de reprodución e gravación do son. Destinada a alumnos de 2º eso	X		
Taller de Ecopercusión	Taller de percusión con instrumentos elaborados con materiais de reciclaxe. Indicado para fomentar e explorar a creatividade e participación do alumnado		X	
Taller Gospelittles: A Viaxe de Jasir	Charla sobre as orixes da música urbana a cargo dos membros do Coro Gospelittles. Explicaran o poder integrador da música para vencer as desigualdades, a través da historia de Jasir.	X		
Actividades propostas desde outras institucións.	Actividades complementarias a realizar durante o curso en función da oferta educativa de concellos e institucións	X	X	X

Observacións:

Todas as actividades teñen un carácter complementario, e nelas participarían todos os alumnos de 2º eso, agás aqueles que debido ás sancións impostas pola dirección do centro, permanecerían neste durante a realización das mesmas.

As actividades que supoñan un desplazamento fora do centro serán financiadas polos alumnos, e terán un carácter voluntario. As realizadas dentro das instalacións do les, serán obrigatorias para todo o alumnado.

As actividades arriba descritas están confirmadas, sendos as datas de realización as seguintes:

- 22/11/2023 A Viaxe de Jasir. Coro Gospelittles.
- 21/12/2023 Exposición Novocine Leiro.
- 15/02/2024 Taller de Ecopercusión.

O resto de actividades aínda están sen confirmar, xa que dependen da oferta educativa que concellos e institucións elaboran e ofertan ao longo do curso escolar. Procuraremos incluír estas actividades na programación a medida que vaian xurdindo e deixaremos constancia das mesmas na memoria final do departamento.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1- Elaboro a miña programación docente de acordo coa normativa en vigor, a programación didáctica do departamento e o proxecto educativo do centro.
2-Deseño as situacións de aprendizaxe de acordo ó modelo establecido no PEC.
3-Planifico as clases, preparando actividades e recursos (personais, materiais, de tempo, de espazo, de agrupamentos,etc...)atendendo a miña programación didáctica.
4-Selecciono os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grado de consecución das competencias clave de forma clara e obxectiva.

5-Doto de contido á aula virtual en consonancia coa programación docente
Metodoloxía empregada
6-Presento a situación de aprendizaxe, explicando a súa finalidade, as tarefas a realizar e os criterios de avaliación e cualificación, relacionándoa cos intereses e coñecementos previos dos alumnos/as.
7-Plantexo actividades introductorias previas á situación de aprendizaxe que se van a desenvolver.
8-Facilito a adquisición de novas aprendizaxes a través de actividades de repaso e síntese, (preguntas aclaratorias, esquemas, mapas conceptuais
9-Propoño ó alumnado tarefas variadas (de diagnóstico, de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de recuperación, de ampliación e de avaliación.)
10-Desenvolvo tarefas de carácter cooperativo.
11-Propoño tarefas diversas atendendo ás diferencias individuais do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
12-Distribúo o tempo axeitadamente: (breve tempo de exposición e o resto do mesmo para as actividades que os alumnos realizan na clase)
13-Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos a utilizar, etc., controlando sempre o clima de traballo
14-Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas para aprender a aprender, etc.), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica do alumnado, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos.
Medidas de atención á diversidade
15-Teño en conta o nivel de desempeño do alumnado, o seu ritmo de aprendizaxe, as dificultades de aprendizaxe, etc., e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensino- aprendizaxe (motivación, tarefa, agrupamentos,
16- Coordínome con outros profesionais (profesorado de PT, Orientador), para modificar e/ou adaptar actividades, tarefas, metodoloxía, recursos... aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe
17-As medidas adoptadas no curso de Diversificación Curricular son axeitadas para a consecución dos obxectivos previstos.
Clima de traballo na aula
18-Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias, con unha linguaxe clara e adaptada
19-As relacións que establezo cos meus alumnos e alumnas dentro da aula e as que éstos establecen entre eles son correctas, fluidas e non discriminatorias
20-Fago cumprir as normas de convivencia e reacciono de xeito ecuánime ante situacións conflictivas favorecendo a resolución pacífica e dialogada das mesmas.
21-Fomento o respecto e a colaboración entre o alumnado e acepto as súas suxerencias e aportacións, tanto para a organización das clases como para as actividades de aprendizaxe
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
22- A materia contribúe positiva e activamente aos diferentes plans de actuación do centro (lectura, TIC...).
23-Os mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos son efectivos e claros.
24-Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado (equipo docente, departamentos didácticos, profesora de AL e profesorado de PT, orientadora...)
25-Utilizo diferentes medios para informar ao profesorado do equipo docente dos resultados da avaliación (observacións compartidas, aportacións nas reunións.....)

Descrición:

A valoración destes Indicadores de Logro farase asignando un número entre 0 - 5 a cada indicador, entendendo que esa puntuación indica o grado no que estamos de acordo coa afirmación do indicador. O valor 0 estará en total desacordo co ítem, así como o valor 5, estará en total acordo coa afirmación do ítem.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación será obxecto de avaliación e poderá sufrir algunha variación en beneficio do proceso educativo e con vistas á mellor consecución dos obxectivos. Para isto, os membros do departamento amosarán a súa conformidade ante calquera tipo de cambio que afecta aos aspectos relativos á docencia e a súa práctica. Tales modificacións, debidamente xustificadas, deberán figurar nunha acta de departamento e recolleranse na memoria final de curso.

Partimos pois da base de que a avaliación non afectará unicamente ao proceso de aprendizaxe do alumno, senon tamén ao resto de elementos implicados no proceso de ensino, ao profesor e ao mesmo deseño curricular. Así pois, serán avaliados os obxectivos, contidos, competencias clave, metodoloxía, recursos organizativos e materiais, e o propio sistema de avaliación. Neste senso, os datos aportados pola avaliación continua dos alumnos deben complementarse coa información sobre a idoneidade dos distintos compoñentes da programación.

A avaliación da programación farase a través dos indicadores de logro, mecanismos axeitados para a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente. A análise disto e dos resultados académicos, realizada nas reunións de departamento ao longo do curso e o seu contido quedará reflectido no libro de actas do departamento, pode supoñer a modificación de aspectos da programación, tanto a nivel de obxectivos, como de recursos ou metodoloxía procurando sempre aportar cambios que supoñan unha mellora.

A Avaliación da nosa Programación Didáctica realizarase de forma periódica, e analizará os seguintes puntos:

- A súa adecuación ó Proxecto Curricular do centro.
- O grao de coherencia dos contidos e dos procesos de ensinanza/aprendizaxe.
- A consecución dos obxectivos.
- O enfoque metodolóxico.
- Os aspectos organizativos, espazos, tempos e materiais.
- As actividades, proxectos, unidades didácticas planificadas e programacións da aula.
- As adaptacións curriculares realizadas se as houbera.
- Si se introducen as variables e modificacións necesarias para mellorar, axilizar ou evitar erros no proceso educativo.

En canto á Metodoloxía empregada:

- Resultado das estratexias metodolóxicas empregadas.
- Adecuación dos espazos á nosa metodoloxía.
- Adecuación dos aprendizaxes ós coñecementos previos.
- Respeto hacia o acerto e o erro.
- Potenciación da creatividade, experimentación, investigación e descubrimento.
- Utilización da vida real como punto de partida á nosa actividade.
- Utilización do xogo.
- Aportación de normas que favorezan a vida cotidiá do noso centro

Todas estas cuestión e aspectos relacionados coa programación, analizaráanse trimestralmente coincidindo preferiblemente cos períodos de avaliación. Para facilitar a análise de todos estes factores, contamos cunha táboa de indicadores, onde se reflicten os principais Indicadores de Logro da Programación.

9. Outros apartados